

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 26 de agosto de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos en equipamentos para protexer as artes de pesca e as capturas fronte aos mamíferos e ás aves protexidas pola Directiva 92/43/CEE ou pola Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento (código de procedemento PE120A).

BDNS (Identif.): 521991.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias as persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas, agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica ou comunidades de bens que cumpran, entre outros, os seguintes requisitos:

Ser propietarias dun buque de 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques e Empresas Navieras, incluído no Censo de arrastre de fondo do Caladoiro Nacional Cantábrico-Noroeste, ou no Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores e menores de 100 TRB que operan dentro dos límites xeográficos da NEAFC, sempre e cando neste caso sexa da modalidade de arrastre.

O buque debe ter o porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e atoparse de alta no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade realizar investimentos que:

Limiten o impacto da pesca no medio mariño e adapten a pesca á protección das especies.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 26 de agosto de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos en equipamentos para protexer as artes de pesca e as capturas fronte aos mamíferos e ás aves protexidas pola Directiva 92/43/CEE ou pola Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento (código de procedemento PE120A).

Cuarto. Importe

As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723A.770.0, código do proxecto 2016.00254 (limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies) que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2020, e o importe total máximo das subvencións que se concedan no devandito exercicio orzamentario será de 300.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Un mes contado desde o día seguinte á publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

M^a Isabel Concheiro Rodríguez-Segade
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

